

XV Premio de Pintura Universidade de Vigo

A Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais convoca o XV Premio de pintura Universidade de Vigo de acordo coas seguintes bases:

1. Poderá participar calquera membro da comunidade universitaria da Universidade de Vigo que non fose premiado en edicións anteriores desta mesma convocatoria.
2. A técnica utilizada será libre e o tamaño das obras non excederá de 200 cm. na maior das súas dimensións. A técnica utilizada debe garantir a estabilidade da obra, evitando no posible a utilización de materiais que se podan degradar co paso do tempo.
3. Cada participante poderá presentar unha única obra orixinal que non fose galardoada en ningún outro concurso.
4. Os traballos levarán ao dorso o título e irán acompañados dun sobre pechado co mesmo título no exterior e os datos identificativos no interior: Nome completo, enderezo, teléfono de contacto, fotocopia do DNI e a acreditación de membro da comunidade universitaria de cada participante.
5. Establécese un premio de 1.500 euros para a obra que resulte mellor valorada. A esta cantidade aplicaráselle a retención fiscal legalmente establecida.
6. O xurado será designado pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais e estará composto por membros da comunidade universitaria e profesionais de recoñecido prestixio no ámbito das artes.
7. O fallo do xurado publicitarase adecuadamente e a entrega de premios terá lugar no presente ano 2017.
8. A decisión do xurado será inapelable. O premio pode quedar deserto se o xurado así o establece.
9. Unha selección dos traballos poderá ser utilizada para facer unha ou varias exposicións no ámbito da Universidade de Vigo.
10. A obra premiada serán propiedade da Universidade de Vigo e formará parte da súa colección artística.